

ACENTUACIÓN DIACRÍTICA

Os verbos con acento diacrítico

cómpre	Forma do presente de indicativo do verbo <i>cumprir</i> (que significa «é preciso») en 3ª persoa de singular. <i>Mañá cómpre que cheguemos cedo ao banco.</i> <i>Cómpre facermos as tarefas canto antes.</i>	compre	Forma do presente de subxuntivo do verbo <i>comprar</i> en 1ª ou 3ª persoa de singular, ou tamén do imperativo singular formal. <i>Quere que eu lle compre o seu móbil.</i> <i>Compre as laranxas, señora, que lle son ben boas.</i>
cómpren	Forma do presente de indicativo do verbo <i>cumprir</i> (que significa «son precisos») en 3ª persoa de plural. <i>Cómpren novas ideas para cambiar as cousas.</i> <i>Aos cativos cómprenles pautas moi claras e concretas.</i>	compren	Forma do presente de subxuntivo do verbo <i>comprar</i> en 3ª persoa de plural, ou tamén do imperativo singular formal. <i>O adestrador pídelles aos pais que compren as equipaxes.</i> <i>Compren o xornal para estaren ben informados.</i>
dá	Forma do presente de indicativo do verbo <i>dar</i> en 3ª persoa de singular. <i>Esa máquina expendedora dá o cambio.</i> <i>Miña nai sempre dá os xoguetes que non usamos a algunha asociación.</i>	da	Contracción da preposición <i>de</i> e do artigo feminino singular <i>a</i>. <i>Perdín a tapa da caixa.</i> <i>Tes o número de teléfono da miña curmá?</i>

dás	Forma do presente de indicativo do verbo <i>dar</i> en 2ª persoa de singular. <i>Non lle dás as grazas á túa tía polo regalo?</i> <i>Creo que dás máis do que recibes.</i>	das	Contracción da preposición <i>de</i> e do artigo feminino plural <i>as</i>. <i>Parlamos das noticias de hoxe.</i> <i>A cor das cortinas é azul.</i>
é	Forma do presente de indicativo do verbo <i>ser</i> en 3ª persoa de singular. <i>O uso do acento diacrítico é doado.</i> <i>O musgo é un vexetal.</i>	e	Conxunción copulativa que une dous ou máis elementos dunha serie. <i>Xa recollín os pratos, os panos e os cubertos da mesa.</i> <i>Xosé e André son amigos.</i>
pór	Forma do infinitivo deste verbo. <i>Cando neva os coches deben pór cadeas nas rodas.</i> <i>Vou pór o abrigo e marchó para a casa.</i>	por	Preposición. <i>Atallamos por camiños estreitos.</i> <i>O profesor preguntou por ti.</i>
vén	Forma do presente de indicativo do verbo <i>vir</i> en 3ª persoa de singular. <i>Cando vén en autobús, chega mareado.</i> <i>Aí vén Xurxo pola rúa arriba.</i>	ven	Forma do presente de indicativo do verbo <i>ver</i> en 3ª persoa de plural, ou tamén do imperativo singular do verbo <i>vir</i>. <i>Os meus avós xa non ven sen lentes.</i> <i>Ven á miña festa de aniversario, por favor!</i>
vés	Forma do presente de indicativo do verbo <i>vir</i> en 2ª persoa de singular. <i>Se vés á miña casa, tráeme o libro.</i> <i>Cando vés das vacacións?</i>	ves	Forma do presente de indicativo do verbo <i>ver</i> en 2ª persoa de singular. <i>Non ves que te estás enzoufando co xeadó?</i> <i>Ves aquel monte de alí? É o Pindo.</i>

Pon en práctica

1. Escolle a forma ortograficamente correcta nestas oracións axudándote da información anterior:
- Non me **dás/das** un bico? A túa irmá sempre mos **dá/da**.
 - Non creo que miña nai me **cómpre/compre** os tenis, son moi caros, e realmente non me **cómpren/compren**.
 - A cerdeira **é/e** a árbore que **dá/da** cereixas.
 - O encargado ten que **pór/por** os produtos nos andeis ben ordenados.
 - Vés/Ves** aquel paxaro? **É/E** un paporroibo.
 - Aí **vén/ven** o Carlos todo fachendoso **pór/por** diante do resto, pensa que non o **vén/ven**.
 - Xa **é/e** a unha **dá/da** mañá **é/e** non teño sono.
 - Xurxo non **vén/ven** ata mañá á noite.
 - Cando **vés/ves** de vacacións?

Os adverbios con acento diacrítico

fóra

Adverbio de lugar, oposto a *dentro*.
Estivemos facendo cola unha hora, mais non había entradas e quedamos fóra.
Viven fóra da cidade, a uns 25 quilómetros.

fora

Forma do antepretérito de indicativo dos verbos *ser* ou *ir* en 1ª ou 3ª persoa de singular.
Na mesa o champaña fora substituído polo café.
Cando chegaron, el xa se fora da cafetería.

máis

Adverbio de cantidade, antónimo de *menos*.
Podes botarme máis sopa, por favor?
Chegamos máis tarde do que pensabamos.

mais

Conxunción adversativa, equivalente a *pero*.
Non chove, mais vai moito frío.
O pavillón está cheo, mais aínda queda algún sitio nas bancadas superiores.
Conxunción copulativa que pode ir acompañando a *e*.
Fomos Antón e mais eu.

só

Adverbio equivalente a *soamente*, *unicamente*. O adxectivo masculino da mesma familia léxica tamén leva acento diacrítico.
Só (adverbio) teño 80 céntimos, empréstasme 20 para comprar un bocadillo?
Meu irmán xa queda só (adxectivo) na casa.

so

Preposición equivalente a *debaixo de*, *baixo*.
O gato durmía sempre so a cadeira da súa dona.
O vagabundo durmira varias noites so a ponte que había á entrada da vila.

Os pronomes con acento diacrítico

nós

Pronome persoal tónico de 1ª persoa de plural.

Nós, os de 2º, imos hoxe ao cine.

Repartiu as tarefas entre todos nós.

nos

Pronome persoal átono de 1ª persoa de plural.

*Non **nos** deron o teu recado.*

*Sempre **nos** pide que nas viaxes lle traíamos un imán.*

vós

Pronome persoal tónico de 2ª persoa de plural.

*Podo ir canda **vós** ao partido?*

***Vós** sodes moi espelidos.*

vos

Pronome persoal átono de 2ª persoa de plural.

*Que **vos** respondeu a xefa de estudos á proposta?*

*O adestrador tamén **vos** incluíu nos convocados.*

Pon en práctica

2. Escolle a forma ortograficamente correcta nestas oracións axudándote da información anterior sobre os acentos diacríticos:
- Nós/Nos* somos galegos. E *vós/vos*, de onde sodes?
 - Só/So* me falta un cromó para completar o álbum, nada *máis/mais*, *máis/mais* é difícilísimo conseguilo.
 - O cadro non está *fóra/fora* de prezo, vouno mercar.
 - Se non fose polo conserxe que *nós/nos* abriu a porta quedabamos *fóra/fora*.
 - Só *nós/nos* preguntou: «E a *vós/vos*, quen *vós/vos* dixo que podíades opinar?»
 - O conferenciante quedou practicamente *só/so*, xa que a súa charla resultou incomprensible.
 - Vén/Ven* axudarme que *e/é* urxente!
 - Mentres *vós/vos* dades unha volta pola alameda, *nós/nos* recollemos a túa nai, que *vós/vos* parece?

Os substantivos con acento diacrítico

bésta(s)

Substantivo que significa «arma medieval composta por un arco e un mango de madeira».

*Unha das probas do torneo consistía no tiro con **bésta**.*

*No museo tiñan expostas unhas **bésta**s moi antigas.*

besta(s)

- Substantivo que significa «animal empregado en labores de carga».

*As **bestas** xunguíanse ao carro.*

- Substantivo co que se designa unha persoa ignorante e bruta.

*Non te comportes como unha **besta**, que sabes ser ben educado.*

bóla(s)

Substantivo sinónimo de esfera.

*O sol é unha gran **bóla** de lume.*

*A nena enredaba facendo **bóla**s de plastilina.*

bola(s)

Substantivo que significa «peza de pan».

*Encargámoslle ao panadeiro unha **bola**.*

*As **bolas** teñen máis miolo ca as barras.*

dó(s)

- Substantivo sinónimo de compaixón.

*Teño **dó** deses anciáns sen teito.*

- Primeira nota da escala musical.

*A escala de **dó** menor soa moi triste.*

do(s)

Contracción da preposición de e o artigo determinado masculino o(s).

*A carpeta é **do** profesor, esqueceuna na aula.*

*A doutora informou o paciente **dos** resultados das probas.*

nó

Substantivo que significa «lazo, atadura», «vulto» ou «parte central dunha novela».

*Fai un **nó** dobre nos amallós das botas para que non se che desaten.*

*Unha novela debe ter unha introdución, un **nó** e un desenlace.*

no

Contracción da preposición en e o artigo determinado masculino singular o.

*O azucreiro está **no** armario da dereita.*

nós

Plural de *nó*.
*A madeira con **nós** está mellor valorada.*

nos

Contracción da preposición *en* e o artigo determinado masculino plural *os*.
*Quedamos ás oito **nos** xardíns do pazo para dar un paseo.*

óso(s)

Substantivo que significa «parte do esqueleto».
*A consecuencia da caída, a muller partiu o **óso** da cadeira.*

oso(s)

Substantivo que significa «animal plantígrado».
*O **oso** panda é carnívoro.*
*Os **osos** polares ven perigar o seu hábitat debido ao calentamento global.*

pé(s)

Substantivo que significa «parte do corpo coa que as persoas se apoian no chan» ou que é usado con outros significados derivados deste.
*Ten que usar unha sola especial porque non apoia ben o **pé**.*
*O **pé** da lámpada, de madeira, non destaca con esa pantalla de coiro.*

pe(s)

Nome da letra *p*.
*Antes de **pe** e **be** úsase **eme**.*
*O meu nome ten dous **pes**, sabes cal é?*

póla(s)

Substantivo sinónimo de *rama* ou que ten outros significados derivados.
*Cómpre podar as **pólas** da laranxeira.*
*Fixo un esquema coas **pólas** destacadas en cor vermella.*

pola(s)

- Substantivo que significa «galiña nova».
*As miñas **polas** aínda non me poñen ovos.*
- Contracción da preposición *por* e o artigo feminino *a(s)*.
***Polas** mañás paseo **pola** alameda.*

presa(s)

Substantivo sinónimo de *apuro*.
*Que **presa** tes! Queda connosco un pouco máis.*
*É mellor que fagas a tarefa sen **presas** e con tino.*

presa(s)

- Substantivo sinónimo de *encoro*.
*Este ano a **presa** está moi chea porque choveu moito.*
- Substantivo sinónimo de *presada*, *puñado*.
*Pedinlle ao veciño unha **presa** de sal.*
- Participio do verbo *prender*.
*Levaron a súa dona **presa** porque era cómplice.*

sé	• Substantivo sinónimo de <i>catedral</i>. <i>O bispo recibiu os peregrinos na sé.</i> • Forma do imperativo singular do verbo <i>ser</i>. <i>Sé ti mesmo e non necesitarás finxir.</i>	se	• Pronome persoal átono reflexivo. <i>Creo que se equivocou de estrada por iso chegou tarde.</i> • Conxunción condicional. <i>Se estás constipado, debes coidar</i>
té(s)	Substantivo que significa «planta de orixe chinesa cuxas follas son usadas para facer infusións». <i>O té é unha planta arbustiva.</i> <i>Gústanme moito os té(s) vermellos.</i>	te	Pronome persoal átono de CD en 2ª persoa de singular. <i>Non te vin na presentación do curso.</i> <i>Se te achegas á vila, fágóche unhas encomendas.</i>

Pon en práctica

3. Responde as cuestións usando algunha das palabras do cadro anterior.
- Que é o úmero?
 - Que forma teñen os balóns de golf?
 - Explica que partes do corpo articula o nocello.
 - Como se encora a auga dun río?
 - Di o nome dun animal que come salmóns.
 - Como se chama a igrexa máis importante dunha diocese e que está a cargo dun bispo?
 - O famoso pan de Cea preséntase con esta forma.

As contraccións con acento diacrítico

á(s)

- Contracción da preposición *a* e o artigo feminino *a(s)*.
Baixo do autobús ao chegar á seguinte parada.
Comproulles cadanseu balón ás sobriñas.
- Substantivo co significado de «extremidade dunha ave».
Esta bolboreta ten unhas ás de cores moi vivas.

a(s)

- Artigo feminino singular ou plural, *a* ou *as*.
- Preposición.
- Pronome persoal átono de CD en 3ª persoa do feminino singular ou plural, *a* ou *as*.
O domingo iremos a (preposición) Lugo para coñecer a (artigo) cidade.
A ela non a (pronome) vin, pero vin as (artigo) miñas veciñas.

ó(s)

- Contracción da preposición *a* e o artigo masculino *o(s)*.
Sáimos de viaxe moi cedo, ó amencer.
Os cambios no programa de radio agradáronlles ós oíntes.

o(s)

- Artigo masculino singular ou plural, *o* ou *os*.
- Pronome persoal átono de CD en 3ª persoa do masculino singular ou plural, *o* ou *os*.
Debemos cepillar os (artigo) dentes despois de cada comida.
Viches o (artigo) partido de balonmán ou non o (pronome) viches?
Onte fun visitar os meus irmáns, mais non os (pronome) atopei.

cá(s)

- Contracción da conxunción comparativa *ca* e o artigo feminino *a(s)*.
É máis alto o irmán de 10 anos cá irmá de 11.
Son mellores as froitas da casa cá da froitaría.

ca/cas

- *ca*: conxunción comparativa.
Considérase mellor ca todo o mundo.
- *cas*: preposición que significa «á casa de».
Non está porque foi cas os tíos.

có(s)

- Contracción da conxunción comparativa *ca* e o artigo masculino *o(s)*.
Tes o paso máis rápido có meu.
Os meus resultados son peores cós teus.

co(s)

- Contracción da preposición *con* e o artigo masculino *o(s)*.
Sempre conduce co casco posto.
Atopeime cos amigos no lugar acordado.

4. Pon o acento cando sexa preciso:

- a) Chegamos tarde **a** consulta do médico, tiñamos **a** cita **as** nove e chegamos **as** nove e cuarto.
- b) Ao chegar **a** Pontevedra **a** condutora do autobús sentou **a** miña beira.
- c) Na miña casa sempre falamos **a** hora do almorzo daquilo que lle preocupa **a** cada un.
- d) **As** veces **as** cousas non che saen ben porque **as** fas **as** présas.
- e) **A** presidenta confesoulle **a** xornalista que abandonaba **a** carreira política.
- f) Rouboulle **a** bolsa **a** señora e botou **a** correr cara **a** saída.
- g) Non sei **a** túa irmá, pero **a** min, desde logo, **a** multa paréceme excesiva.

5. Escolle a forma ortograficamente correcta nestas oracións:

- a) No verán vou **á/a** praia **cós/cos** meus amigos todos **ós/os** días que podo.
- b) Creo que deixar **ós/os** estudos foi unha **má/ma** decisión.
- c) O bolígrafo é mellor **có/co** lapis para faceres o exame.
- d) Colocaron **ás/as** táboas do parqué mal, non están ben **chás/chas**.
- e) **Ás/As** veces é preferible calar **cá/ca** dicir parvadas.
- f) Esa dúbida non **má/ma** aclarou.
- g) **Ó/O** mellor a túa veciña non é tan **má/ma** como aparenta.
- h) Se vas **á/a** Lugo visita **á/a** muralla, se vas **á/a** Coruña non deixes de ver **á/a** Torre de Hércules.

6. Escolle a forma ortograficamente correcta nestas oracións:

- a) De nena moito xoguei ás **bólas/bolas**!
- b) Vimos subir **póla/pola** aba da montaña un **óso/oso**.
- c) Saíu con tanta **présa/presa** que esqueceu o seu bolso.
- d) Miña avoa sempre se queixa da dor de **ósos/osos**.
- e) En moitos montes galegos podemos ver **béstas/bestas** en liberdade.
- f) A famosa debe asumir a súa nova vida como **présa/presa** **nó/no** cárcere.